

Enid Blyton  
Contos ás seis

ESTE LIBRO

regaláronllo a .....

gañouno .....

mercouno .....

atopouno .....





## Cando caeu a Lúa

Unha noite de lúa chea e ceo anubrado, o ourizo Pugas saíu á busca dun par de escaravellos para cear. Estando ó pé dun castiñeiro caeulle no lombo un castañón gordo que lle deu un susto de morte. Xusto nese mesmísimo instante, a Lúa escondeuse detrás dunha nube.

–Ai! –laiouse Pugas decontado–. Caeume a Lúa no lombo! Aaau! Noteino perfectamente! Caeu do ceo! Teño que llo contar ó esquío Lampantín.

Foi onda Lampantín e contoullo.

–Caeu a Lúa do ceo! –exclamou–. E acertoume no lombo. Noteino perfectamente. Que facemos?

Lampantín púxose moi nervioso.

–Temos que contarllo á curuxa Huhú! –respondeu. E foron á árbore en que estaba pousada Huhú e explicáronllo.

—Caeu a Lúa do ceo! –dixo o esquío Lampantín–. Bateulle a Pugas no lombo. Notouno perfectamente. Que facemos?

Huhú quedou pampa. Mirou para o ceo, pero alí non se vía Lúa ningunha, iso era certo.

–Pois temos que contarllo ó armiño Astuto –contestou. E foron todos tres ó celeiro en que Astuto andaba murando.

–Oes, Astuto! –berroulle Huhú–. Caeu a Lúa do ceo! Bateulle a Pugas no lombo, que o notou perfectamente. Que facemos?

Astuto non daba creto. Chimpou, moi alterado.

–Temos que contarlle á toupa Veluda! –dixo. E foron todos catro onda Veluda, que estaba a abrir un túnel moi grande no campo.

–Escoita, Veluda! –berroulle Astuto–. Caeu a Lúa do ceo! Bateulle a Pugas no lombo. Notouno perfectamente. Que facemos?

–Pois que habemos facer, ila buscar, por suposto! –respondeu Veluda axiña.

E foron todos cinco ó punto en que Pugas notara perfectamente como a Lúa lle caera no lombo e puxéronse a buscar.

Corría algo de aire e caeron algunhas castañas máis. Plun! Unha acertoulle ó esquío Lampantín no fociño. Plan! Outra aterroulle no lombo arqueado ó armiño Astuto. Plon! Outra bateulle á curuxa Huhú no peteiro.

–Ah, é que están a caer castañas! –chiou Lampantín, ó tempo que apañaba unha e roía nela–. O que che caeu enriba había de ser unha castaña, Pugas. Que parvo es!

A Pugas non lle chistou nadiña que lle chamase parvo. Enrechou as pugas sen perder tempo.

–Dígoche que foi a Lúa! –retrucou, moi enfadado–. A ver se agora non distingo entre a Lúa e unha castaña!

E xusto entón, vaites!, a Lúa asomou dende detrás dunha nube e iluminou a fraga coa súa intensa luz de prata!

–Ha, ha! –riron todos os animais–. Mira, velaí che está a Lúa no ceo, onde ten que estar! Seica ó final non distinguías entre a Lúa e unha castaña! A vellez aparvoute, Pugas!

Pero Pugas xa non estaba! Metérase disimuladamente nunha foxa, porque lle daba moitísima vergoña. Pobre ourizo vellíño!

## O tordiño de Jean

Jean tiña na escola un xardinciño moi xeitoso do cal estaba moi orgullosa. Compoñíase de tres roseiras dentro dunha ourela de lobelia azul e flor de mel branca. Os outros nenos botaran semente de iberis, papoula, capuchina e clarkia, pero Jean era a única que tiña roseiras.

Aferrara para mercalas cos seus propios cartos, porque lle encantaban as rosas. Tiña unha roseira que daba flor encarnada, outra rosa e outra amarela. A ilusión de Jean era que lle criasen rosas abundas para poñer un ramo no floreiro da aula e levar outro á casa para regalarllo á nai.

A directora do colexio convocou un día os minixardineiros para anunciar que concedería un premio ó xardín mellor atendido coas flores máis fermosas. Jean tiña esperanza de gañar, e todos os días sen falta acudía a desherbar e regar as súas roseiras, que medraban que daba gloria velas.

Un día estaba a arrincar as malas herbas cando, de pronto, sentiu un chíó finiño por alí cerca. Soaba un pouco coma unha cancela que rinchaba, e Jean preguntouse o que tal sería. Mirou ó redor, pero non vía nada raro. Mais como o ruído non paraba, decidiu indagar.

Non tardou en descubrir de onde saía aquel son. Era un minúsculo pitiño de tordo! Estaba pousado na terra, debaixo dunha lila florida, e o son que se oía eran os seus chíos de medo. Non moi lonxe quedara a nai torda, dando

trilos tranquilizadores. Jean mirou para o tordiño aterrificado.

«É tan pequerrechiño que aínda non voa», pensou. «Seguro que caeu do niño. Onde andará?»

Mirou entre as ramas da lila. Alí non estaba. Mirou na árbore veciña, un castiñeiro grande e paraugueiro... e alí, ben acomodado na galladura de tres políñas, dexergou un niño de tordo! E del asomaba unha cabeciña parda. Outro pitiño!

–Que ben! –dixo Jean–. Acertei! Esta mingurriña caeu do niño. Ai, ai, ai, e agora que fago? Porque rubir tan alto non podó...

Quedou parada uns momentos, a cavilar. O tordiño seguía chiando no chan. Jean xa estaba vendo que, se non calaba, en calquera momento había atraer algún gato. Pero o pobre pitiño non sabía de gatos. Simplemente botaba de contas que a poder de chíos lograría que alguén o fose valer.

–Xa sei! –exclamou por fin Jean–. Hei coller a escada que garda a señorita Brown no alboio. Así poderei subir perfectamente para devolver o pitiño ó niño.

E así fixo. Nun chiscar de ollos tiña a escada e, aínda que pesaba bastante, non tardou en levala ata o castiñeiro e apoiála contra o tronco. Recolleu o pitiño de tordo con moitísimo coidado na cunca da man e subiu pola escada. A torda botouse a voar arredor dela coma unha tola e a dar chíos de pavor, porque temía que Jean lle fose facer mal ó seu fillo.

Con moito xeitiño, Jean meteu o tordo no niño e volveu baixar á terra.

–E agora queda aí dentro ata que teñas idade de voar! –mandoulle ó tordiño–. Mira que, se volves caer, igual non ando eu por aquí para axudarte!

Jean devolveu a escada ó alboio e seguiu ocupándose das roseiras, alegrándose de que o pitiño deixase de dar aqueles chíos de terror.

De alí a uns días Jean pillou unha catarreira e faltou ás clases unha semana. Cando volveu, ansiosa por ver como estaba o xardín, non se desmaiou de milagre! As follas das roseiras apareceron todas apegañadas; cando as separou, atopounas inzadas dunhas eirugas pequeneiras de cor verde. Dedicáranse a comer as follas –xa as tiñan todas afuracadas– e empezaban a roer nos preciosos abrochos de rosa.

Jean contemplou con bágoas nos ollos as roseiras comestas. Que mala sorte que lle collesen eirugas xusto a semana que faltara á escola! Dentro de apenas quince días a directora, a señora Brown, había inspeccionar os xardíns escolares para outorgar o premio. Como Jean non se librase das eirugas nese intre, as súas roseiras habían dar un espectáculo verdadeiramente lamentable!

Xusto entón viu que se achegaba a chimpiños pola herba un paxaro pencado... seguido de tres inestables pitiños! Era a mamá torda, que lles aprendía ós fillos a procurar alimento. A torda entrou chimpando no xardín de Jean e ladeou a cabeza, mirando para as roseiras. Entón deu un peteirazo e chapou unha eiruga verde, volveu con ela onda ós seus filliños e embutiuna sen demora nunha das tres bocas abertas. Jean quedou feliz!

–Iso, iso! Leva todas esas eirugas que me están a estragar as roseiras! –pregoulle á torda.

–Chío, rechío, rechouchío! –contestou a torda decontado, que significaba (ou iso pensaba Jean): «Xaora! Ti salváchesme un pitiño e agora eu págocho facéndolle un servizo ó teu xardín!».

Tocou a campá e Jean correu á aula. Aqueles dous ou tres días, a mamá torda achegábase ó xardín dez ou doce veces diarias. Correndo, correndiño acabou con todas as eirugas sen deixar unha!

Jean estaba contentísima. Arrincou con cautela as follas afuracadas e cortou os abrollos estragados. Aínda quedaba unha semana longa para que a directora revisase os xardíns escolares. Igual lle daba tempo e todo!

Tiñades que ver como estaban as roseiras de Jean cando se cumpriu a semana! Botaran follas novas, e as tres tiñan fermosas rosas abertas. A herba de mel e a lobelia azul que contornaban o roseiral estaban en flor e non se vía nin media mala herba.

A directora inspeccionou todos os xardíns, pero ó chegar ó de Jean detívose e gabouno moitísimo.

–Que fermosura! –díxolle á orgullosa colexiala–. Non hai unha soa mala herba e as roseiras están maravillosas. Témin que chas comesen unhas eirugas que lles vin nas follas hai quince días.

–Ai, é que veu unha torda moi boa e comeunas todas –respondeu Jean.

–E non será porque unha nena tamén moi boa lle fixera antes un favor a un tordiño? –dixo a señorita Brown–. Eu ben sei o que fixeches, que te vin pola fiestra. Fuches boa coa torda, a torda devolveuche a bondade coméndoche as eirugas, e agora eu vouche conceder o premio ó xardín máis coidado e fermoso do colexio! Merécelo!

Todo o mundo aplaudiu e Jean acercouse moi orgullosa a aceptar o lote de magníficas ferramentas de xardinería que lle entregaba a señorita Brown. E xusto cando estaba a collelas, unha torda entoou dende as árbores un sonoro canto de ledicia.



–Escoita a túa amiga torda, como che dá os parabéns!  
–dixo a señorita Brown. E a min non me estrañaría nada que llos estivese a dar de veras. Que credes vós?

